

**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O :** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 06 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN BASES DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN “GONZÁLEZ LLANOS”, “INGENIERO COMERMA”, “CONCEPCIÓN ARENAL”, “ANTONIO USERO” E “ANGELES ALVARIÑO” PARA AS EDICIÓNS DOS ANOS 2025 E 2026 E CONVOCATORIA PARA ESTE AÑO 2025 DOS PREMIOS “ANGELES ALVARIÑO” E “GONZÁLEZ LLANOS”. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2025037303).  
Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Educación, que textualmente di:

**“Antecedentes.-**

**1º.-**No ano 1984 o Concello de Ferrol crea o *“Premio de investigación científica Ingeniero Comerma”*, consistente no outorgamento de catro premios para traballos de investigación científica e tecnolóxica, manténdose ata o ano 1991 con pequenas variacións no importe, número e características dos premios.

No ano 1998 e co obxecto de colaborar coa Universidade e de contribuír a potenciar as Escolas e Facultades do Campus de Ferrol asínase un convenio coa UDC para a organización dos *PREMIOS DE INVESTIGACIÓN “González Llanos”, “Ingeniero Comerma”, “Concepción Arenal” e “Antonio Usero”*, renovándose sucesivamente ata o ano 2017.

No ano 2018 ponse de manifesto a necesidade dunha reorganización destes premios, manténdose os ditos premios e incorporando un quinto premio no ámbito das Ciencias denominado *“Premio de investigación Ángeles Vilariño”*, recuperando o Concello todo o relativo á convocatoria e desenvolvemento dos ditos premios de investigación, se ben -por diversas razóns- non se organizaron nos últimos exercicios.

**2º.-** Dende o punto de vista xurídico, os premios teñen o concepto de subvencións, estando recollido de forma expresa esta categoría, tanto na lexislación estatal (Lei 38/2003 e RD 887/2006) como na lexislación autonómica (Lei 9/2007).

**3º.-** Pola súa banda, este Concello dotouse da súa propia Ordenanza de subvencións (BOP 21/10/2019), modificada no ano 2024 (BOP 03-10/2024), e dun Plan estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 (BOP 23/02/2024). No dito plan recollese una liña estratéxica *LS 5.3. Subvencións nominativas destinadas a entidades educativas e persoal investigador*, para estimular ao persoal investigador na súa traxectoria como base e como acción necesaria para construír sociedades desenvolvidas.

**Cualificación xurídica.-**

Como queda indicado, os premios teñen o carácter de subvencións, quedando excluídos unicamente desta categoría aqueles premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario (art. 4.a da Lei 38/2003), suposto este que non concorre nos ditos premios de investigación.

A citada lei recolle unha referencia expresa aos premios, no seu carácter de subvención, na súa disposición adicional décima, a cal establece:

*“Reglamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios... que deberá axustarse ao contido desta lei, **salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.**”*

En todo caso hai que engadir, que o Regulamento que desenvolve a citada lei, non recolleu dito réxime especial, o que obriga a unha aplicación interpretativa da citada disposición adicional décima.

Por outra banda, a disposición adicional décimo cuarta indica que, nas Entidades Locais os procedementos regulados na lei de Subvencións adaptaranse, a través dun regulamento, ás condicións de organización e funcionamento das mesmas.

Dito desenvolvemento regulamentario tampouco se levou a cabo.

En todo caso, o artigo 17 .2 da Lei 38/2003, esixe que:

*“Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones.”*

A dita norma determina o contido que deberán reflectir as citadas bases, en todo caso, é necesario analizar (nos termos da disposición adicional antes citada) os aspectos desenvolvidos no artigo 17 da Lei 38/2003 que non son aplicables ao ámbito dos premios; a saber: as condicións de solvencia (artigo 17.c); a determinación dos libros e rexistros contables (artigo 17.h); o prazo e forma da xustificación (artigo 17.i); as garantías e a súa cancelación (artigo 17.j); pagos anticipados (artigo 17.k). Estes aspectos carecen de encaixe algún no desenvolvemento duns premios desta natureza.

Tampouco pode resultar aplicable a composición do xurado determinado pola ordenanza xeral deste concello toda vez que este xurado adoecería dos coñecementos e práctica imprescindible para a emisión de xuízos de valor sobre os traballos das persoas concursantes.

Excluindo dos contidos antes referidos, as bases que se achegan atenden as exixencias do citado precepto.

Atendendo a todo o sinalado, **proponse á Xunta de Goberno Local** adoptar os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar as Bases que rexerán os **Premios de Investigación “González Llanos”, “Ingeniero Comerma”, “Concepción Arenal”, “Antonio Usero” e “Angeles Alvariño”** para as edicións dos anos 2025 e 2026 e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

**Segundo.-** Aprobar a realización e convocatoria pública dos **Premios de Investigación “Angeles Alvariño” e “González Llanos”** para este ano 2025 e proceder a remisión dun extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicacións de Subvencións (SPNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto dos premios por importe total de **20.000 euros** (10.000 euros cada premios) con cargo á partida orzamentaria 05003 3263 48000.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

Asdo. Pola xefa de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo e pola concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística.

**\*ANEXO 1: BASES**

## **Premios de Investigación do Concello de Ferrol**

### **BASES PARA AS EDICIÓNS DOS ANOS 2025 e 2026**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO E MODALIDADE**

Estes premios teñen como finalidade apoiar e impulsar os labores de investigación realizados nalgún dos cinco ámbitos universitarios cos que se relacionan.

Poderanse relacionar xa sexa desde un enfoque estritamente teórico, a partir da análise de experiencias/feitos concretas/os ou como proxectos de futuro, podendo polo tanto ter unha perspectiva histórica, de presente ou como proxección de futuro.

Os premios serán adxudicados a traballos de investigación relacionados e pertencentes aos referidos ámbitos, tal e como a continuación se detalla:

- Premio de investigación Ángeles Alvariño, referido ao ámbito das Ciencias e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.
- Premio de investigación González Llanos, referido ao ámbito da Enxeñería e da Arquitectura e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.
- Premio de investigación Concepción Arenal, referido ao ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.
- Premio de investigación Enxeñeiro Comerma, referido ao ámbito das Artes e das Humanidades e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.
- Premio de investigación Antonio Usero, referido ao ámbito das Ciencias da Saúde e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

#### **SEGUNDA.- ORGANIZACIÓN TEMPORAL DOS PREMIOS**

A convocatoria dos premios terá carácter bianual a partires do ano 2020:

Nos anos pares e en todo caso sempre despois de ter sido convocados os Premios Ángeles Alvariño e González Llanos, ou sexa na seguinte edición, serán convocados os premios de investigación Concepción Arenal, Enxeñeiro Comerma e Antonio Usero.

Nos anos impares e en todo caso sempre despois de ter sido convocados os Premios Concepción Arenal, Enxeñeiro Comerma e Antonio Usero, ou sexa na seguinte edición, serán convocados os premios de investigación Ángeles Alvariño e González Llanos.

### **TERCEIRA.- PARTICIPACIÓN**

Poderán optar a estes premios e con independencia da súa nacionalidade:

1. Persoas de xeito individual: con perfil profesional ou con perfil investigador.
2. Equipos ou grupos multiprofesionais que poden estar formados só por profesionais, só por investigadoras/es ou ben por ambos (profesionais e investigadoras/es)

### **CUARTA.- DOTACIÓN DOS PREMIOS**

Cada edición de cada premio estará dotada con 10.000 €/premio, con cargo á partida orzamentaria 05003 3263 48000.

A esta cantidade aplicaráselle as retencións a que houbese lugar en función da normativa tributaria vixente.

### **QUINTA.- PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN E MODO DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destes premios no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte da referida publicación, obrigatoriamente a través dos medios electrónicos habilitados para tal fin na sede electrónica asociada do Concello de Ferrol, no enlace <https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/>, da seguinte forma:

1º Se a persoa candidata se presenta de xeito individual, (suposto 1 da Base Terceira), cumprimentará o formulario electrónico de solicitude dispoñible en <https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/> na categoría EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, procedemento PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DO CONCELLO DE FERROL 2025, formulario relacionado. Ao formulario de solicitude achegarase a documentación indicada de seguido nesta Base Quinta e que no formulario electrónico aparece reflectida como tal.

2º Se as persoas candidatas se presentan como Equipos ou grupos multiprofesionais (suposto 2 da Base Terceira), unha das persoas membro do equipo ou grupo, actuará como representante do mesmo e como interlocutor/a diante do Concello de Ferrol e será quen cumprimentará o formulario electrónico de solicitude dispoñible en <https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/> procedemento EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, procedemento PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DO CONCELLO DE FERROL 2025, formulario relacionado. Ao formulario de solicitude achegarase a documentación indicada de seguido nesta Base Quinta e que no formulario electrónico aparece reflectida como tal.

3º De cada traballo presentaranse obrigatoriamente a través dos medios electrónicos

habilitados para tal fin na sede electrónica asociada do Concello de Ferrol, no enlace <https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/> :

a) Un exemplar do traballo completo en formato PDF, dun mínimo de 20 000 palabras e dun máximo 40 000 palabras onde o tamaño do arquivo sexa inferior a 50 MB (**sen datos identificativos de autoría**)

b) Unha síntese do traballo presentado, de non máis de 1 600 palabras en formato PDF (**sen datos identificativos de autoría**)

c) Co fin de preservar o anonimato das/os candidatas/os de cara ao Xurado, e tal e como se indica nos apartados a) e b) deste mesmo punto, o **traballo e a síntese do mesmo deberán ser presentados sen ningún dato que identifique a súa autoría**, de xeito que de non respectar esta indicación, calquera traballo ou síntese no que se aporten datos da súa autoría, quedarán automaticamente excluídos do proceso para a concesión do premio ao que concorra.

d) Nos apartados denominados como tal e coa denominación correspondente no referido medio electrónico habilitado para tal fin na sede electrónica asociada do Concello de Ferrol, no enlace <https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/> procedemento PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DO CONCELLO DE FERROL 2025, incluírá os seguintes datos e documentos en PDF:

- Ficha de autoría: Datos persoais do/a autor/a de ser unipersoal ou de todas/as os/as autores/as de ser un equipo/grupo de autoras/es, cumprimentando o modelo que corresponda (Suposto 1 ou Suposto 2 da Base Terceira)
- Copia do/s documento/s identificativo/s (DNI por ambas caras ou pasaporte)
- Curriculum Vitae (da autora ou autor ou dos membros do equipo/grupo)
- Declaración xurada, cumprimentando o modelo que corresponda (Suposto 1 ou Suposto 2 da Base Terceira)
- Para o suposto 2 da Base terceira, documento no que designe a persoa que como membro do equipo actuará como interlocutor/a diante do Concello de Ferrol. O dito documento estará asinado por todos e cada un dos membros do equipo/grupo.

e) No caso de que a persoa que desexe presentar candidatura a un destes premios resida no estranxeiro poderá presentar a súa solicitude e documentación dirixíndoa ao Concello de Ferrol e indicando o procedemento correspondente por medios electrónicos, a través do *Registro Electrónico Común de la Administración General del Estado* (REC). <https://rec.redsara.es/>

4º Tanto a actuación do xurado como todos os demais aspectos do procedemento esgotarán a vía administrativa.

## **SEXTA.- REQUISITOS DOS TRABALLOS A CONCORRER AOS PREMIOS**

Requisitos dos traballos de investigación para concorrer a estes premios:

- A estrutura dos traballos contemplará polo menos os seguintes apartados: obxectivos, metodoloxía, resultados, aplicabilidade, transferencia, conclusións, xustificación do interese da investigación e fontes bibliográficas e documentais.
- Deberán estar redactados en calquera das linguas que o Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como oficiais no territorio desta comunidade autónoma (galego e castelán).
- Deberán ser orixinais e innovadores e non ter obtido con anterioridade ningún outro premio dos convocados con esta mesma categoría e modalidade polo Concello de Ferrol.

### **SÉTIMA.- XURADO**

O xurado dos premios estará formado polos seguintes membros:

- A concelleira de Educación, Universidade e Política Lingüística, ou a persoa en quen delegue, que como presidenta terá voto de calidade.
- Un/ha especialista de recoñecido prestixio no ámbito da investigación correspondente.
- Tres investigadoras/es universitarias/os propostas/os pola Universidade da Coruña e pertencentes ao ámbito de investigación que en cada premio corresponda.
- Un/ha funcionario/a do Concello de Ferrol que actuará como secretario/a, con voz mais sen voto.

Cada premio/edición terá o seu propio xurado en relación co ámbito ao que se refira o premio, agás no caso do/a presidente/a e do/a secretario/a que poderán ser as mesmas persoas.

A composición do xurado será paritaria e darase a coñecer, con anterioridade á súa primeira reunión, no taboleiro e na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.gal/premiosdeinvestigacionconcellodeferrol](http://www.ferrol.gal/premiosdeinvestigacionconcellodeferrol)), co fin de que se poidan interpoñer, no seu caso, os recursos legais pertinentes.

A proposta do xurado publicárase no último trimestre do ano de cada edición dos premios na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.gal/premiosdeinvestigacionconcellodeferrol](http://www.ferrol.gal/premiosdeinvestigacionconcellodeferrol))

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicárase o disposto no art. 17 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### **OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS TRABALLOS**

O xurado designado para a valoración e a selección dos traballos presentados valorará estes tendo en conta:

- A calidade e o rigor científico: 45%
- Innovación, interese, contribución ao avance do coñecemento ou a aplicabilidade dos traballos: 45%

- A libre criterio do xurado e por decisión da maioría dos seus membros: 10%

En todo caso a aplicación deste criterio quedará suxeita ás singularidades que poida reflectir o traballo, esixíndose a debida fundamentación e motivación de dita singularidade, a cal quedará reflectida de xeito expreso na resolución pola que se leve a cabo a adxudicación do Premio.

O xurado poderá acordar a concesión dun premio *ex aequo* e no dito caso o importe do mesmo dividiríase entre as/os participantes premiados (individuos ou grupos). En todo caso, calquera premio poderá ser declarado deserto, sempre e cando o xurado considere que os traballos de investigación presentados non acaden os requisitos esixidos ou os niveis suficientes. As decisións do xurado son inapelables.

Os traballos presentados non serán devoltos. Posteriormente e no mesmo ano de cada convocatoria, os traballos non premiados serán destruídos.

#### **NOVENA.- COÑECEMENTO E ACEPTACIÓN DAS BASES E EXCLUSIÓN DO PROCESO**

O feito de se presentar a calquera destes premios supón a aceptación das presentes bases e que se cumpren os requisitos mencionados.

O incumprimento de calquera das obrigas recollidas nestas bases, polos participantes, implicará a exclusión dos mesmos en todo o proceso de selección e a devolución por parte do concello, da documentación presentada pola/o candidata/o.

#### **DÉCIMA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A ORDENACIÓN E A INSTRUCCIÓN**

O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá á Concellería de Educación, Universidade e Política Lingüística. En todo caso, aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Corresponderá á concelleira delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística, previo os informes que considere necesarios, resolver ou determinar todas aquelas situacións non contempladas nestas bases. Do mesmo xeito, esta poderá adaptalas a calquera situación de forza maior que puidera xurdir.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO**

Atendendo á natureza xurídica, en todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións, (Lei 38/2003 e RD 887/2006 e Lei 9/2007) así como a Ordenanza de Subvencións do Concello de Ferrol (Boletín Oficial da Provincia da Coruña BOP 21-10-2019) e a súa modificación (Boletín Oficial da Provincia da Coruña BOP 03-10-2024) e do Plan Estratéxico de subvencións

para o período 2024-2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña BOP 23-02-2024) no que se recolle unha liña estratéxica *LS 5.3 referida a Subvencións Nominativas destinadas a entidades educativas e persoal investigador* para estimular ao persoal investigador na súa traxectoria como base e como acción necesaria para construír sociedades desenvolvidas.

## **DÉCIMO SEGUNDA.-COMPATIBILIDADE DOS PREMIOS**

Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puideran recibir as persoas premiadas en concursos distintos a este.

## **DÉCIMO TERCEIRA.-OBRIGAS DAS E DOS CONCURSANTES PREMIADAS/OS**

Todos os galardoados teñen as seguintes obrigas:

- Recoller os seus premios persoalmente en Ferrol e impartir unha conferencia na propia cidade, sobre o tema obxecto do premio, na data acordada entre as partes (Concello de Ferrol e a persoa ou o grupo premiado). Os premios serán entregados no Pazo Municipal do Concello de Ferrol e as conferencias a cargo das persoas galardoadas poderán ser impartidas nas dependencias do Campus Universitario de Ferrol- UDC.
- Presentar certificados de non ter débedas coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Ferrol e coa Seguridade Social.
- Presentar calquera outra documentación que se lle requira desde o Concello de Ferrol.

## **DÉCIMO CUARTA.- PROMOCIÓN E PARTICIPACIÓN DESDE O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO**

Promoverase a máxima participación das universidades do Sistema Universitario Público Galego para a difusión e participación nestes premios, entre o seu persoal docente e investigador.

## **DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos de carácter persoal que as persoas concursantes envíen, quedarán incorporados a un ficheiro propiedade da organización e serán empregados, unicamente con fins propios da actividade da mesma.

Conforme á LOPD, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol.

## **DÉCIMO SEXTA.- DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN DAS CONVOCATORIAS**

Pola súa parte, a convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sen prexuízo da publicación das persoas premiadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, publicaranse na Web do Concello de Ferrol, tanto as persoas e traballos premiados coma aqueles presentados e non premiados.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICACIÓN/EDICIÓN DOS TRABALLOS PREMIADOS**

Os traballos de investigación premiados poderán ser editados e publicados como publicación de carácter non venal polo Concello de Ferrol en soporte papel, en soporte dixital ou en ambos e a/s persoa/s ou grupo/s candidatos/as aos premios adquirirán de antemán o compromiso de adaptar a documentación presentada para o premio ao formato a editar, sen esixir este/s outras contraprestacións por parte do Concello de Ferrol que non sexa a propiedade intelectual á que teñen dereito e á entrega do 10% de exemplares sempre que se edite en soporte papel (libro) ou en soporte dixital (CD).



**REXISTRO XERAL**  
Casa do Concello, Praza de Armas, s/n  
15402, Ferrol

## **ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DO CONCELLO DE FERROL 2025**

| Datos do/a solicitante / Representante                                        |                    |           |          |
|-------------------------------------------------------------------------------|--------------------|-----------|----------|
| Nome ou Razón Social do Solicitante                                           |                    | NIF/CIF   | Teléfono |
| Nome ou Razón Social do Representante                                         |                    | NIF/CIF   | Teléfono |
| Enderezo                                                                      | Municipio          | Provincia |          |
| C.P.                                                                          | Correo electrónico |           |          |
| EXPOÑO                                                                        |                    |           |          |
|                                                                               |                    |           |          |
| SOLICITO                                                                      |                    |           |          |
| <b>PARTICIPAR NOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN<br/>DO CONCELLO DE FERROL 2025</b> |                    |           |          |

**En nome propio como autor/a**  
**En nome do equipo/grupo**

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA**

Lugar e data da solicitude

Sinatura

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ferrol. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

## **Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025**

### **ANEXO II - FICHA DE AUTORÍA PARA PERSOA CANDIDATA QUE SE PRESENTA DE XEITO INDIVIDUAL (Suposto 1 da Base Terceira)**

**Premio de investigación González Llanos**, referido ao ámbito da Enxeñería e da Arquitectura e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Premio de investigación Ángeles Alvariño**, referido ao ámbito das Ciencias e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**NOME:**

**1º APELIDO:**

**2º APELIDO:**

**DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):**

**NACIONALIDADE:**

**LUGAR DE RESIDENCIA (ENDEREZO COMPLETO):**

**1º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**2º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**ENDEREZO POSTAL A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**SINATURA:**

## **Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025**

### **ANEXO III - FICHA DE AUTORÍA PARA EQUIPOS OU GRUPOS MULTIPROFESIONAIS (Suposto 2 da Base Terceira)**

**Premio de investigación González Llanos**, referido ao ámbito da Enxeñería e da Arquitectura e

ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Premio de investigación Ángeles Alvariño**, referido ao ámbito das Ciencias e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Observación: Cubriranse tantas fichas de autoría como autoras/es asinantes do traballo presentado**

**AUTOR/A 1**

**NOME:**

**1º APELIDO:**

**2º APELIDO:**

**DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):**

**NACIONALIDADE:**

**LUGAR DE RESIDENCIA (ENDEREZO COMPLETO):**

**1º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**2º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**ENDEREZO POSTAL A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**SINATURA:**

**AUTOR/A 2**

**NOME:**

**1º APELIDO:**

**2º APELIDO:**

**DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):**

**NACIONALIDADE:**

**LUGAR DE RESIDENCIA (ENDEREZO COMPLETO):**

**1º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**2º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**ENDEREZO POSTAL A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

**SINATURA:**

**AUTOR/A 3**

**NOME:**

**1º APELIDO:**

**2º APELIDO:**

**DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):**

**NACIONALIDADE:**

**LUGAR DE RESIDENCIA (ENDEREZO COMPLETO):**

**1º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**2º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):**

**ENDEREZO POSTAL A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:**

ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:

SINATURA:

**AUTOR/A 4**

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):

NACIONALIDADE:

LUGAR DE RESIDENCIA (ENDEREZO COMPLETO):

1º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):

2º TELÉFONO DE CONTACTO (CON PREFIXO/S):

ENDEREZO POSTAL A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:

ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN:

SINATURA:

### **Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025**

**ANEXO IV - DECLARACIÓN XURADA PARA PERSOA CANDIDATA QUE SE PRESENTA DE XEITO INDIVIDUAL (Suposto 1 da Base Terceira)**

**Premio de investigación González Llanos**, referido ao ámbito da Enxeñería e da Arquitectura e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Premio de investigación Ángeles Alvariño**, referido ao ámbito das Ciencias e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**AUTOR/A**

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (marque as opcións que correspondan):**

Que son certos todos os datos que constan na solicitude, así como na documentación que se achega.

Que coñezo e acepto os termos nos que se convocan os Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025 aos que me presento.

Que o traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., é orixinal e da miña autoría e nel non existe plaxio total nin parcial.

Que na elaboración do traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., utilicei a IA e tecnoloxías asistidas por IA no proceso de redacción co fin de mellorar a lexibilidade e a linguaxe expresiva do mesmo.

Que durante a elaboración do traballo que presento para participar no Premio de

Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., utilicei (nomear a ferramenta/servizo da IA e tecnoloxías asistidas por IA)..... co fin de..... Unha vez utilizada a referida ferramenta/servizo, como persoa autora deste traballo, revisei e editei o contido e asumo plena responsabilidade polo contido do traballo presentado, baixo o título.....

Que durante a elaboración do traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., NON utilicei NINGÚN TIPO de ferramenta/servizo da IA e tecnoloxías asistidas por IA e asumo plena responsabilidade polo contido do traballo presentado, baixo o título.....

Sinatura dixital

## Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025

### ANEXO V - DECLARACIÓN XURADA PARA EQUIPOS OU GRUPOS MULTIPROFESIONAIS (Suposto 2 da Base Terceira)

**Premio de investigación González Llanos**, referido ao ámbito da Enxeñería e da Arquitectura e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Premio de investigación Ángeles Alvariño**, referido ao ámbito das Ciencias e ás titulacións universitarias que nel se inclúen.

**Observación:** Todas as persoas autoras/es asinantes do traballo presentado cumprimentarán a súa propia declaración

AUTOR/A N.º

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (DNI, pasaporte):

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE (marque as opcións que correspondan):

Que son certos todos os datos que constan na solicitude, así como na documentación que se achega

Que coñezo e acepto os termos nos que se convocan os Premios de Investigación do Concello de Ferrol 2025 aos que me presento.

Que o traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., é orixinal e da miña coautoría como membro dun equipo ou grupo multiprofesional, no que tamén participan (indicar o nome do resto dos membros)

.....  
.....  
....., no que non existe plaxio total nin parcial.

Que na elaboración do traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., utilicei a IA e tecnoloxías asistidas por IA no proceso de redacción co fin de mellorar a lexibilidade e a linguaxe expresiva do mesmo.

Que durante a elaboración do traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)..... utilicei (nomear a ferramenta/servizo da IA e tecnoloxías asistidas por IA)..... co fin de ..... Unha vez utilizada a referida ferramenta/servizo, a/s persoa/s autora/s deste traballo, revisaron e editaron o contido e asumo plena responsabilidade polo contido do traballo presentado, baixo o título .....

Que durante a elaboración do traballo que presento para participar no Premio de Investigación do Concello de Ferrol 2025 (especificar Ángeles Alvariño ou González Llanos)....., NON utilicei NINGÚN TIPO de ferramenta/servizo da IA e tecnoloxías asistidas por IA e asumo plena responsabilidade polo contido do traballo presentado, baixo o título .....

#### Sinatura dixital

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE